



Naidea Nunes, Helena Rebelo, João Saramago e Gabriela Vitorino (2018): *Atlas Lingüístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo. Vol. 1: A criação de gado: o gado bovino, ovino e caprino. O leite e os derivados. O porco e a matança*. Funchal: Direcção Regional da Cultura - Serviço de Publicações, 252 pp.

UNS POUCOS anos despois de finalizadas as enquisas en Portugal para o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Luís Filipe Lindley Cintra, José Gonçalo Herculano de Carvalho e Manuel de Paiva Boléo presentaron no terceiro Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa 1957) o proxecto dun atlas do dominio lingüístico galego e portugués: o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG). Os tres investigadores recoñecían a necesidade e o interese por contar cunha fonte de datos que contribuíse ó progreso da lingüística portuguesa e permitise coñecer de forma detallada e completa a variación dialectal do dominio. Os principios metodolóxicos do proxecto seguían a experiencia do AIS de Jakob Jud e Karl Jaberg, do ALPI, aínda inédito, e dos *Inquéritos* iniciados por Boléo en 1942.

A comezos dos anos setenta do século XX un grupo de investigadores do Centro Lingüística da Universidade de Lisboa emprenderon de forma efectiva os labores de preparación dos cuestionarios e iniciaron os traballos de campo no territorio continental. En 2004 concluíronse os labores de recolla da documentación lingüística na rede de localidades. Os resultados do traballo deste proxecto están vendo a luz de forma fragmentada desde os inicios do século XXI. En 2001 publicouse o volume I do *Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores* (ALEAç), o primeiro dos tres publicados deica agora¹. No ano 2018 apareceu o volume inicial do segundo renovo do ALEPG, o *Atlas Lingüístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo* (ALEMPS). Esta publicación xorde da colaboración entre o equipo responsable do ALPEG da Universidade de

¹ Os materiais deste atlas poden consultarse completos nunha páxina web en aberto da Dirección Regional da Cultura do Goberno dos Açores: <http://www.culturacores.azores.gov.pt/alea>

Lisboa e as profesoras Naidea Nunes e Helena Rebelo da Universidade da Madeira. É o primeiro dos nove volumes temáticos planificados, todos eles de información léxica, aínda que con aproveitamento tamén para outros niveis de análise lingüística, especialmente para os estudos fonéticos.

A publicación está conformada polo volume de mapas (252 pp.) e un caderno titulado *Introdução ao Atlas Linguístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo* (24 pp.). Este folleto, asinado por H. Rebelo e N. Nunes, ten o propósito de ser unha presentación xeral do proxecto de edición do ALEMPS. Despois dun repaso sucinto da historia e métodos da xeografía lingüística das linguas románicas en Europa, infórmase do contexto científico en que se concibiu o proxecto, das súas bases metodolóxicas e da estrutura e características xerais dos volumes que comporán a obra. O ALEMPS preséntase non como un atlas rexional, senón como unha contribución derivada do ALEPG que pretende poñer á disposición da comunidade científica unha parte do conxunto de datos recadados, definida polo alcance temático –os materiais léxicos– e os límites xeográficos –o arquipélago dos Azores–. O traballo de campo nas illas desenvolveuse nos últimos meses de 1994 empregando un cuestionario reducido de preguntas indirectas a falantes de seis localidades da illa da Madeira e unha da illa de Porto Santo.

O volume de mapas está composto por unhas páxinas introdutorias, o conxunto de mapas e comentarios e uns índices de consulta. Na introdución (pp. 11-17) expónse o marco metodolóxico do proxecto do ALEPG e infórmase sobre as localidades enquisadas, os falantes entrevistados (un principal e varios secundarios en cada lugar) e o modo en que foi tratada a documentación, desde o rexistro das gravacións ata a elaboración da representación cartográfica. Os autores recoñecen a débeda da obra co ALEAç, tanto na natureza dos materiais seleccionados (léxicos e etnográficos) como no modelo seguido para a presentación da información.

O conxunto de mapas constitúen a parte fundamental do volume (pp. 19-237, 108 mapas). O primeiro mapa mostra a localización, nome e código numérico das localidades estudadas; bótase en falta a escala de representación, o punto cardinal e un pequeno mapa de localización das illas. Nos restantes a información distribúese entre as páxinas pares (texto de notas) e as impares (mapa); as dúas páxinas están identificadas polo nome do mapa, que na páxina da impar aparece seguido, nuns poucos casos, dunha explicación do significado. A páxina da esquerda contén a información textual complementaria ó mapa: nome do mapa, número da pregunta no cuestionario, relación de variantes e comentarios. As variantes aparecen en transcripción ortográfica convencional, para permitir a interpretación da información a lectores nos expertos, e ordenadas pola frecuencia. Ó lado de cada unha das variantes

figuran os códigos que identifican as localidades en que se rexistraron as respostas. Os comentarios distribúense nun texto en dúas columnas e recollen información léxica e etnográfica complementaria vinculada co ítem tratado no mapa. A extensión do texto é moi variable, na maioría dos mapas no excede as catro ou cinco liñas, pero nuns poucos esténdese para ofrecer pormenores que lle permitan ó lector interpretar de mellor xeito o mapa. Por exemplo, no mapa 9 (*forragem: erva verde / erva seca*) explícase que antigamente nas illas non se almacenaba a herba seca para o inverno e durante esta estación se utilizaba como alimento palla dos cereais, casulo do millo ou follas das bananeiras; no mapa 35 (*estábulo*), infórmase que as denominacións *palheiro*, *telheiro* e *curral* fan referencia a un lugar cuberto no que o gando vacún permanece permanentemente pechado, debido ó relevo accidentado da illa. As formas léxicas destácanse no texto con negra e están sempre seguidas da transcripción fonética correspondente.

A páxina da dereita contén a representación dos datos sobre o mapa, identificado co número e nome, acompañado da súa tradución a español, francés e italiano, como é tradición en moitos atlas lingüísticos románicos. As dúas illas, en cor suave sobre fondo branco, represéntanse co seu nome e cos límites municipais marcados cunha fina liña branca. As localidades da rede márcanse cun símbolo negro no centroide correspondente, o código numérico e o nome oficial. As variantes léxicas colócanse como etiqueta en caracteres fonéticos dispostas en columna debaixo do nome da localidade. Para a representación das variantes utilízase o alfabeto fonético internacional con algúns diacríticos particulares adoptados para representar certos matices da pronuncia dos sons vocálicos. Se as variantes corresponden ó concepto investigado, os caracteres das transcrisións teñen cor azul, se son resposta a conceptos diferentes, están en vermello. Nos mapas utilízanse tamén outros elementos tipográficos para mostrar información adicional sobre as variantes (respostas de informantes diferentes, resposta suxeridas polo investigador, etc.). Nas últimas páxinas da introdución desenvólvese o valor de símbolos fonéticos, abreviaturas e simboloxía convencional.

O deseño simple e limpo da representación cartográfica fai posible a lectura dos datos sen dificultade. Con todo, a representación das variantes no mapa con etiquetas fonéticas, xa pouco común nos atlas lingüísticos publicados nas últimas décadas, dificulta unha interpretación rápida da distribución das formas no territorio e réstalle valor á visualización cartográfica. Os autores xustifican a escolla desta «cartografagem bruta ou expositiva» (p. 11 do caderno introdutorio) polo propósito de facilitar o aproveitamento dos materiais para estudos fonéticos e morfosintáticos. Suponse que na decisión debeu pesar tamén o deseño do atlas dos Azores, derivado do mesmo proxecto matriz.

O volume péchase con dous índices. O primeiro coa relación de preguntas do cuestionario das que se tomou a información, ordenadas pola numeración e acompañadas do texto da pregunta e do número de mapa respectivo. O segundo con todas as variantes léxicas, en ortografía convencional, que figuran nos mapas e notas da obra. Os dous son complementos de especial utilidade para os usuarios do volume.

O ALEMPS é unha nova achega de documentación para coñecermos a variación lingüística das variedades rurais faladas na última década do século pasado no arquipélago da Madeira, a súa evolución temporal e a súa singularidade no dominio do portugués europeo. A experiencia dos autores da obra no tratamento e estudo de materiais e o coidado posto no deseño e confección da obra garante que poida ser aproveitada como fonte fiable para indagar no léxico e tradicións desta comunidade insular e tamén noutros niveis de análise lingüística. É de agardar que os materiais lingüísticos do proxecto sexan axiña accesibles de forma libre e segundo os estándares que a ciencia en aberto aconsella.

■ XULIO SOUSA